

Rede de fontes
de auga potable
no Camiño Inglés



Páxina 6

Socialistas esixen
á Xunta asumir
financiamento de
conservatorios



Páxina 8

Ribas de Sil
terá un Museo
da Minaría
Aurífera Romana



Páxina 9

“Historias no
Fumeiro”
presentouse na
Casa do Patrón



Páxina 10

A Xunta
mellorará a estrada
entre Celanova
e a fronteira
con Portugal



Páxina 15



Ourense propón que o edificio da antiga cadea sexa sede da UNED

Páxina 13

Entrevista



Madalena Gamalho:
“Todas as músicas forman
parte das influencias sobre
os nosos traballos”

Páxina 2



Ambiente acolledor para comidas e ceas de amigos
Rúa Fornos, 2. Casco Vello. 988 54 16 44. OURENSE



Rúa Marcelo Macías, 35. Teléfono 988 231 107 OURENSE

Establecemento seguro
Certificado desinfección
www.saneacontrol.com

Entrevista

Por Moncho Mariño

Madalena Gamalho: “Todas as músicas forman parte das influencias sobre os nosos traballos”

Artista Madalena Gamalho inicia unha viaxe polo mar da música en galego comezando por crear o seu propio barco ao cal chamou “Invento”. Un navío de dez paus elaborado coa axuda de músicos como Iván Barreiro,

Carlos Arévalo, Iria Iglesias, Rafa Morales e Javier Pereiro “GDJazz”. O resultado, “Invento”, pode escoitarse na rede por diferentes canles dixitais, abrindo así unha maior posibilidade de acceso para o público.

-Cales son as orixes de “Invento” e por que este é o gran paso para iniciar a túa carreira en solitario?

O proxecto naceu hai ano e medio. O produtor, Iván Barreiro e eu xa nos coñeciamos e xuntos tiñamos a idea de facer este traballo desde había tempo. Eu tamén buscaba facer un traballo en solitario para dar un novo paso profesional e así foi tomando forma esta idea. Eu xa tiña algunhas cancións compostas e outras foron elaboradas durante o proceso de creación deste disco. Tamén están as sinerxías e o bo entendemento entre as persoas que pairan arredor do disco e iso deu un resultado moi atractivo para nós e que nos dá a impresión de ser diferente.

-O disco reúne diferentes sons que se poden lugar a diferentes estilos. Ti estarías de acordo coa definición de “eclectico” para “Invento”?

Podería ser unha boa definición. Son influencias que temos os dous, Iván e máis eu, como músicos e por iso quixemos reflectilos neste traballo. Gústanos a música e por exemplo eu son máis de cancións máis tanto me ten o xénero aínda que teño unhas preferencias sobre outras. Ao final, todo foi o resultado da mezcla sonora que temos Iván e máis eu.

-Os profanos da música pode-

riamos dicir que un son predominante é o do jazz. Pode ser?

Hai influencias de jazz nalgunhas cancións máis que noutras ademais de funky e músicas do mundo, pois hai ritmos brasileiros polo medio, e tamén hai rock e pop, este último sobre a nivel de voz, pois aínda que hai numerosos arranxos, a voz resulta bastante audible para calquera persoa que escoite música máis “mainstream”.

-Como se pode manter unha liña continúa en canto musicalidade cunha amálgama tan abundante de son?

A continuidade está nos instrumentos, nos músicos, nos instrumentos, que son quen enlazan as dez cancións deste álbum. A música está feita desde un coñecemento de determinados xéneros. O resultado mestura temas máis asequibles para os oídos das persoas e por outra parte, outras cancións poden ter unha certa complexidade, mais creo que é un disco moi cómodo de escoitar. Tanto a parte vogal como a instrumental están moi ben empastadas. Iván é un músico que respecta moito o que é a voz e ao final é o disco dunha cantante, por iso se fan arranxos que non tapen a voz.

-Recolliches sons ou músicas doutros lugares para ir creando o estilo reflectido en “Invento”?

Ao final todas as músicas e

todos os sons forman parte das influencias recibidas e que logo recollemos e plasmamos nos nosos traballos. Hai unha escoita de diferentes xéneros detrás e de aí o resultado diverso.

-Existen diferentes temáticas dentro deste disco ou apostaches por unha liña común en todos os temas?

Hai seis cancións que si poderían ter un fio condutor algo intencionado. Previamente a facer os arranxos instrumentais, eu xa tiña as miñas letras e melodías e si que reúnen temáticas moi similares. Son como reflexións da vida cotiá, situacións nas que te inspiras. Por iso “Sobe á Minha Escada”, “Vívelo” e os demais temas de creación propia, son aspectos que conectan comigo como o feito de compartir as nosas historias cos demais, de termos confianza no que tes en fronte, do amor universal, de como sentirse ben cun mesmo a nivel emocional como “Horizonte”, un tema sobre as noites de insomnio. Ao final son cousas que te afectan a nivel emocional e vital. Mais o álbum en conxunto non ten como unha liña argumental, aí temos o tema “Teresa Torga” e tres poemas musicados.

-Cal foi a parte máis difícil, a composición propia ou a adaptación musical dos tres poemas?

Os poemas musicados son dous



de Carvalho Calero e outro é de Pepe Cáccamo, “Invento”, de onde sacamos o nome para o disco. Mais sobre a composición, para min non é difícil pois hai cancións que che veñen. En concreto, as de Carvalho Calero foi ler os poemas e comezas a cantar sobre eles. Logo hai un traballo de adaptación, un traballo máis reflexivo e analítico. Para min compoñer é algo doado mais o complicado neste proceso foi a gravación dos temas, pois como era a primeira vez que gravaba un álbum enteiro e en pouco tempo, foi un esforzo, sobre todo a nivel vocal. A pesar de que teño anos de traballo e desenvolvemento sobre esta faceta, si que é canso e moi disciplinado pois non tes aí diante o público, tes que imaxinalo para transmitir emocións a través da voz. Iso en estudo debes conseguilo para transmitilo no disco, pois vai quedar gravado para sempre. Esa é a parte máis complicada do proceso para min.

-Como realizastes a distribución do disco a través dunha empresa de Portugal?

É unha empresa que se dedica a facer discos e distribución dixital de artistas. Eu cheguei a eles cando estaba buscando opcións

para imprimir o disco. Ademais diso, son a empresa que editou o disco da Orquestra de Jazz de Matosinhos. Contactei con eles pois porque nese momento estaban subindo ás plataformas cunhas boas condicións para os músicos. Facíano de maneira gratuíta e logo, despois da reprodución, quedan cunha porcentaxe. E ademais, a min facíame ilusión que fose unha empresa de Portugal. Certamente foi un logro interesante.

-Haberá xente que che pregunte por que cantas en portugués?

Son moitas razóns, porque me gusta, porque me apetece e porque me gusta a sonoridade desta variante do galego-portugués. Tamén é unha oportunidade de mostrar as miñas músicas ao resto do mundo. E ademais, porque hai moita xente cantando en inglés e non lle fan esta pregunta. Así pois, por que non facelo se o temos aí ao pé? Ao final, un idioma é un mecanismo para contar historias e desenvolver a túa arte, a túa creatividade, por que non usar varias linguas? Son mecanismos que se inspiran en xéneros doutros países. É algo que debiera estar ultrapasado.

Editorial

Sinatura convidada: Roberto Mansilla Blanco



Sánchez, o Sáhara...e Biden

Primeiro, os feitos. Pedro Sánchez visitou Rabat buscando aliviar meses de tensións co estratéxico veciño marroquí. A distensión diplomática levou a acordar un novo enfoque sobre o Sáhara Occidental, no que Madrid pregouse ao plan marroquí de autonomía de 2007. A consecuencia, deuse por finalizada a crise diplomática co retorno dos respectivos embaixadores.

A Fronte Polisario, impulsor da causa saharauí, cualificou de "traizón" a nova posición española, secundada por Alxeria, principal valedor internacional da causa saharauí e receptor dos seus refuxiados no campo de Tinduf. Desde finais de 2021 estanse observando tensións diplomáticas, con algún conato militar, entre Marrocos e Alxeria. A consecuencia, o gasoduto alxerino Medgaz deixou de bombear cara Europa. España e Italia dependen máis do subministro enerxético de Alxeria que do ruso. Trala visita de Sánchez a Rabat, Alxer chamou a consultas ao seu embaixador en Madrid.

Visto o visto, Madrid debeu medir con maior asertividade as consecuencias desta aposta por Marrocos que, inevitablemente, provocaría unha comprensible irritación por parte de Alxeria nun momento de crise enerxética coas súas implicacións

económicas e laborais (paro de transportes en España). Ata China saíu en apoio de Alxeria, criticando a 'viraxe marroquí' de Sánchez no asunto saharauí.

"Madrid debeu medir con maior asertividade as consecuencias desta aposta por



Marrocos"

A nova aposta de Sánchez rompe claramente con case cinco décadas de posición irrestrita española a favor del lexítimo re-

ferendo saharauí de autodeterminación, constantemente apazado por Marrocos desde 1991. En 2020, xa de saída da Casa Branca, Trump deu un xiro inédito: recoñeceu a soberanía marroquí do Sáhara Occidental. Hoxe, a distensión española con Marrocos parecera soste esa posición "trumpista".

Pero pode que, para Sánchez, a chave saharauí pase por Washington. Pedro Sánchez ten unha obsesión xa para nada inconfesable: a foto con Joseph Biden. Da a impresión que a precisara a toda costa, incluso se para alcanza-la ten que dar auténticos 'xiros copernicanos' á política exterior española e aguantar desplantes da Casa Branca cada vez que Biden fala con líderes europeos. Sánchez pretende un 'novo atlantismo socialdemócrata' con él como interlocutor europeo de Biden.

"Pedro Sánchez ten unha obsesión xa para nada inconfesable: a foto con Joseph Biden"

Aceptar o plan de Marrocos para o Sáhara é, ó mesmo tempo, pregarse á 'Doutrina Trump'. Rabat, que sabe moi ben cómo defender os seus intereses, ditou así as súas pautas. Pode que Sánchez trazara un xiro de realpolitik para evitar

outra crise migratoria nas súas fronteiras mediterráneas, como ocorrera en 2021. Por certo, mentres a atención está enfocada en Ucraína, houbo conatos de retorno desa crise migratoria en Ceuta e Melilla.

En Rabat, o presidente de goberno español calculaba máis ben cómo abrir outra xanela que agradara a Biden. Non lle bastou con erixirse como "socio privilexiado da OTAN" na crise ucraína, enviando armas ao Exército ucraíno (algunhas delas a mans do polémico Batallón Azov) e acusando a Putin de ser 'criminal' (Biden dixit) e 'culpable'. O seu interese é a foto con Biden no cumio da OTAN de xuño próximo en Madrid. Aí están alimentadas as esperanzas de Sánchez de ser, por fin, 'recoñecido' como líder mundial.

Como fora no caso dunha Ucraína hoxe en ruínas e que despide refuxiados (non esquezamos que os saharauís, por certo, tamén son refuxiados) Sánchez vese atrapado noutra crise no seu goberno de coalición, desta vez polo asunto saharauí, pero tamén con Alxeria e a Fronte Polisario. Toda vez denuncia a agresión rusa en Ucraína, Sánchez cóidase de non facer o mesmo con Marrocos co respecto ao Sáhara Occidental. Pero en vez do Sáhara, as miras de Sánchez semellan máis ben estar enfocadas na Casa Branca.

Opinión

Caderno da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

O urxente e o importante

O Goberno do Estado teimou no seu erro e botou once días sen sentar coa plataforma convocante do paro dos transportistas. Ao tempo fallou tamén en agardar ao cumio do Consello Europeo para anticipar medidas fiscais e subvencións que varios Estados europeos levaban desenvolvendo dende os días 16-18 de marzo. Das resultas destes erros existiron graves problemas de desabastecemento na distribución alimentaria e peores tensións no sistema produtivo, pola falla de recollida do leite e peixe e falla de fornecemento de pensos.

Pedro Sánchez e as súas ministras non foron quen a distinguir entre o urxente e o importante, entre o curtísimo e o curto-medio prazo. A baixada xeral do IVE da enerxía eléctrica e dos carburantes

e dos impostos especiais destes non constitúe unha solución estrutural, mais si conxuntural, temporal. Porque a inelasticidade no consumo destes recursos permite deflactar uns meses a tarifa no impacto da inflación e manter un gravame semellante en termos reais. Dicar isto non é asumir as teses da dereita nin da extrema dereita, partidarias, pola contra, de baixos impostos estruturais e do infrafinanciamento dos servizos públicos.

Tamén é urxente unha subvención directa aos transportistas nun mínimo de 0,30 €/l.. E máis as reformas lexislativas que impidan traballar a perdas que xuridicamente poden ser aprobadas a medio de Decreto-Lei,

canto ás actuacións a respecto do consumo eléctrico o Goberno do Estado acadou do Consello

Europeo un marco para rebaixar o seu prezo, atendendo á cualidade de "illa enerxética" da península ibérica. Abondo para a redución substancial dos prezos no moi curto prazo, sen ningunha caste de excusas. E que habería de pasar tanto polos límites á produción con gas como con instalacións abondo amortizadas como as centrais hidroeléctricas.

Na axenda do importante, do curto-medio prazo, fica para maio-xuño a necesaria reforma europea dun absurdo sistema marxinalista de tarifación eléctrica. E na beira do Estado regular as regras da representatividade real dos sectores empresariais e da garantía da libre concorrência, que impida que os grandes operadores loxísticos, a grande distribución alimentaria, as grandes distribuidoras eléctricas e os grandes lobbies

construtores-concesionais imponían as súas desaqueladas condicións aos autónomos e pemes e ás persoas consumidoras.

Ollando cara nós, a consideración da península como illa enerxética obriga por outravolta na axenda o problema dunha Galicia que exporta o 40% da electricidade

que produce, suxeita a elevados custos ambientais e económicos e que, pola contra, non pode subvencionar o consumo das súas empresas e familias.



ANTOMS



Opinión

Caderno da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Vox entra nos gobernos

Núñez Feijóo foi proclamado candidato único á presidencia estatal do PP. E este feito coincidiu no tempo co pacto de goberno entre o PP e Vox para gobernar Castela e León. Con 13 deputados sobre os 44 da maioría absoluta que ambos os dous partidos achegan Vox acadará, da man do PP, a vicepresidencia do goberno rexional e tres das dez consellerías, ademais da presidencia das Cortes (o Parlamento territorial). O pacto foi moi mal recibido polo presidente do PP europeo, Donald Tusk, pois que considera que os extremistas son aliados da francesa Marie Le Pen e do primeiro minisro húngaro Viktor Orban, tradicionais amigos de Vladimir Putin.

O pacto foi acordado polo propio Abascal con Machueco, presidente popular castelán, polo que Núñez Feijóo non é responsábel no eido xurídico, ao non seren aínda Pre-

sidente do PP estatal. Mais todos sabemos que dende o mércores 3-M non se move unha palla ena rúa Xénova sen que o aprobe Núñez Feijóo. Xa que logo, é evidente que este pacto tivo de ser aprobado implícitamente polo aínda presidente galego. Mal comezo para un presidente estatal do PP que racha o cordón sanitario que defende o PP europeo para evitar que a extrema dereita continental (tradicional amiga de Putin) marque. aínda máis do que xa o fai, a axenda pública nos Estados da Unión Europea. n xeral de calquera botándolle a culpa aos outros. Neste caso ao PSOE por non investir incondicionalmente a Machueco. Tamén amosou., no seu último debate parlamentario no pazo compostelán do Hórreo outra destas cualidades (facelle oposición á oposición), culpando Ana Pontón (BNG) dunha falla de consenso institucional da que só o PPdeG e o PSdeG

foron responsábeis, ao substituíren a condea da agresión rusa asumida polos mesmos partidos e o BNG por unanimidade na Deputación coruñesa (ou o acordo unánime do Congreso dos Deputados) por un apoio expreso á NATO inédito nas outras declaracións institucionais das diferentes institucións e Parlamentos europeos.



Concide a progresiva retirada de Núñez Feijóo das responsabilidades de goberno na Galicia cun prezo da enerxía eléctrica inviable para a nosa industria, agricultura e gandería. E tamén imposible para as economías familiares galegas. Evidentemente Núñez Feijóo non é responsábel nin da guerra de Ucraia nin do desaquelado sistema marxinalista tarifario europeo, mais é certo tamén que nos seus trece anos de goberno sempre desbotou reformas tarifarias tanto deste sistema marxinalista como calquera outra no beneficio da Galicia. Porque cubrimos o 76% das nosas necesidades con enerxías renovábeis e exportamos máis dun terzo da enerxía que producimos sen poder subvencionarmos o consumo das nosas familias e empresas, que pagamos igual ou máis ca os consumidores non produtores de Madrid. Asumindo, nós exclusivamente, os custos ambientais e económicos desta sobreproducción.




Galicia á intemperie

Desculpará o noso Suso de Toro (Nunca Máis; Galicia á intemperie, 2003) que adopte o seu título para reflectirmos que nin o Goberno do Estado nin o galego existiran esta semana que rematamos, desque no luns 14-M principiara o paro dos transportistas.

Na nosa Galicia a dependencia do transporte de mercadorías por estrada é ben superior ca no resto do Estado e da Europa, polas graves limitacións do transporte ferroviario. Por outra banda, na Galicia a principal organización recoñecida de empresarios do sector (APETAMCOR-FEGATRANS; por certo nas antípodas da extrema dereita que o Goberno do Estado di que fomenta estas accións) está a apoiar esta folga, que tamén apoian no resto do Estado a maioría dos autónomos e pemes, mentres a organización patronal recoñecida, alicerzada nun conxunto de

grandes operadores loxísticos que lle contratan o traballo ás pequenas empresas e autónomos que distribúen as mercadorías, a rexeita. Deste xeito, han traballar a perdas, pois que o prezo do gasóleo medrou nun 52% dende marzo de 2021.



Diante desta gravísima situación, o Goberno do Estado ficou preso do discurso da patronal dos grandes operadores loxísticos, negando a representatividade das organizacións convocantes.. E prometendo medidas cara o 29-30 deste mes, cando éstas son inaprazábeis e xa foron adoptadas polos Gobernos portugués (devolverá o exceso de recadación fiscal polo incremento de prezos) e francés (subvencionará con 0,15 cts por litro de gasóleo).

O Goberno do Estado trabucouse e ten de negociar axiña cos operadores do sector que amosaron ter a forza representativa, para adoptar esas medidas que non poden ser só fiscais, pois que teñen que it ao cerne e prohibir traballar a perdas, como lle obrigan as industrias lácteas producir ao sector leiteiro

galego.

E que fixo o Presidente da Xunta mentres? Campaña política cos afiliados do PP polo Estado español adiante, sen atender esta punxente realidade. E sen que a Xunta negociase tampouco coas organizacións galegas convocantes, que aquí si están recoñecidas como máis representativas. Semella que tampouco coñecía quen de verdade representa ao sector, malia ter as competencias executivas e de xestión.

Nesta enésima edición de Galicia á intemperie soubemos, porén, de moi responsábeis actuacións da sociedade civil, como a que o mécores 16.M permitiu, pola mediación da organización agraria Agromuralla que os transportistas fornecesen as granxas con penso retido no peirao coruñés. Porque na Galicia estamos afeitos a autoxestionarmos as cuestións que desatenden uns Gobernos insensíbeis cos consumidores e pemes na esixencia normativa e pouco atentos aos seus problemas.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PAIS BASCO: Nicolás Xamardo. **CANARIAS:** Fco. Puñal.

Fotografía: Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

EIXO ATLÁNTICO
BOLETÍN DE NOTICIAS E OPINIÓN

Refuxiados

Galicia está a recibir refuxiados que fuxen da guerra na súa patria Ucraína. A sociedade civil galega e o seu activo tecido asociativo móvese con inmediatez, nunha mostra mais do talente solidario do noso pobo, para acoller a nenas, nenos e adultos que tentan reconstruír as súas vidas na nosa Comunidade, lonxe dos seus fogares.

Dende Tui ata A Coruña, de Ourense a Lugo, dende diversas partes da xeografía galega, Concellos, Deputacións, entidades, asociacións, están traballando nesta loable labor. Segundo cifras oficiais, son case tres millóns os refuxiados da guerra ucraína que buscan acubillo nos países veciños e tamén no ámbito da Unión Europea. As autoridades europeas xa adiantan programas de acollida, escolarización e incluso de facilitación dos trámites de residencia para estes refuxiados.

Pero esta guerra que toca ás portas de Europa cunha nova vaga de refuxiados tamén obriga á reflexión. Guerras, pobreza e conflitos existen en tódalas partes do noso planeta. Incluso hoxe que asistimos ao triste espectáculo bélico en Ucraína,

outro pobo, o saharauí, vese contrariado polas repentinas decisións dun goberno, o español, que historicamente fixo da súa causa unha prioridade en política exterior e que agora da un volco absoluto a esa política a favor de Marrocos, a potencia que ocupa ese territorios saharauís.

Nos anos 1990, coas guerras balcánicas, Europa tamén viviu estes episodios de refuxiados, principalmente bosnios. En 2015, coa guerra en Siria, volveu a experimentar un éxodo de refuxiados que fuxían deses conflitos en Siria, Afganistán, Congo, Iemen. Mentres aquí en Galicia tamén brotou a solidariedade, en outras partes de Europa (Hungría, Croacia, Polonia, etc) eses refuxiados non foron benvidos; incluso foron obxecto de trato xenófobo. Eses países hoxe, no mundo post-pandemia (que por posterior non quere dicir exactamente que xa rematara), teñen que recibir esa marea de refuxiados dunha guerra fratricida que toca as súas fronteiras. E sen esquecer que o Mediterráneo, ese Mare Nostrum, hoxe é tamén un espazo de tránsito de refuxiados.

Europa é, dende unha perspectiva, unha historia de refuxiados. E como tal ten unha débeda moral con moitos deles, especialmente os non europeos, que fuxen dos conflitos e dos intereses que esas mesmas potencias europeas procrean de cara á 'periferia global'. Estamos a voltas coa solidariedade pero a clave, quizais, sexa o sistema no que vivimos.

Será China a clave?

Volvendo ao plano xeopolítico, outro tema cobra importancia: o papel de China na guerra ucraína. Moitas miradas están enfocadas en Beijing como posible interlocutor que propicie unha resolución do conflito.

Fálase da sintonía entre Putin e China e cómo esta condición pode, consecuentemente, servir ás autoridades chinesas para tentar influir e acabar coa deriva belicista do mandatario ruso.

En primeiro lugar, entre Moscova e Beijing existen obvios intereses xeopolíticos. Putin e Xi Jinping acordaron a comezos de febreiro unha inédita concreción de intereses baseados nas súas respectivas perspectivas sobre Ucraína e Taiwán. E ámbolos dous escenarios apuntan a un mesmo 'inimigo': EEUU. Coa súa tradicional discreción e prudencia, China evitou condear a invasión militar rusa a Ucraína,

incluso 'comprendendo' os postulados de Putin que 'lexitimaban' esa intervención militar e 'culpando' á OTAN da crise.

Non obstante, é evidente que China non está cómoda co que sucede en Ucraína. Beijing quere manter un equilibrio global que lle permita transitar con fluidez nunha economía globalizada que hoxe observa atrancos proteccionistas e incluso ata autárquicos, como é o caso ruso. Por tanto, apoiar irrestritamente a Rusia ten un prezo e Beijing sabe que non pode (nin debe) necesariamente respaldar aventuras militaristas, por moito que proveñan dun aliado estratéxico como Rusia.

China ten en Ucraína unha gran oportunidade para erixirse como un líder global capacitado para a resolución de conflitos, unha condición que confirmaría o seu ascenso e afondaría esa perspectiva dun século XXI moldeado 'á chinesa'. É probablemente o único interlocutor con capacidade de manobra e de influencia con tódalas partes involucradas, dende Moscova e Kiev ata Washington. Pero nos preguntamos: logrará facelo? Ou máis ben, ten interese en facelo?



0 53% dos cataláns non queren un Estado independente

Segundo enquisa do Centre d'Estudis d'Opinió da Generalitat

O 53,3% dos cataláns rexeitan a independencia de Catalunya e o 38,8% deféndea, segundo unha enquisa do Centre d'Estudis d'Opinió (CEO) da Generalitat realizada entre novembro e decembro de 2021. O 6,1% restante non sabe que responder e o 1,8% non contesta. A anterior enquisa do CEO, de maio de 2021, situou en un 44,9% os cataláns que querían a independencia fronte ao 48,7%.

A resposta difire segundo a cantidade de poboación dos municipios. O 70% dos enquisados que viven en municipios de menos de 2.000 habitantes queren que Catalunya sexa independente, e o 53% dos que viven en municipios de ata 10.000

habitantes tamén. O 69% dos que viven en municipios de entre 150.000 e 1.000.000 de habitantes, con todo, non queren que Catalunya sexa independente. O 78% dos nados noutras comunidades autónomas, ademais, rexeitan tamén a independencia de Catalunya.

A metade dos entrevistados consideran que Catalunya ten un nivel insuficiente de autonomía, mentres que o 34,8% sostén que o nivel si é suficiente, e un 7,8% asegura que ten demasiada autonomía. Preguntados sobre a súa integración no Estado Español, o 34% de enquisados defende que sexa unha Comunidade Autónoma; a 30,7% aposta por que sexa un Estado independente; o 19,7% cre que debe ser un Estado dentro dunha España federal, e o 8,4%, unha rexión de España.

En relación á Unión Europea, o 77% dos enquisados entende

que se ten que dar máis valor ás autoridades rexionais e locais nos seus ámbitos competenciais. Un 65% cren, con todo, que a lexislación da UE debería prevalecer, en caso de conflito, sobre as lexislacións dos Estados membros. O 66% dos entrevistados cren que o catalán debería ser unha lingua oficial na Unión Europea, fronte ao 22% que cre que non. O 91% dos que teñen o catalán como lingua materna están a favor.

En materia de xustiza e seguridade, os cataláns aproban cun 6,83 sobre 10 de media o labor do corpo de os Mossos d'Esquadra, unha cualificación que é máis positiva canta máis idade teñen os enquisados. Preguntados pola Administración de Justicia a Catalunya, os enquisados móstranse pouco satisfeitos, puntuándoa con un 4,9 sobre 10.

Tomado de Público, 17/03/2022.

Preocupación polo peche da Casa de Galicia de Uruguai



A coordinadora de Relacións Internacionais do BNG, Ana Miranda, visitou en Montevideo as instalacións da Casa de Galicia de Uruguai, onde mantivo diversos encontros cos colectivos de afectados polo desmantelamento do patrimonio sociosanitario de Montevideo.

Se estima en 50.000 as persoas afectadas polo desmantelamento deste histórico e centenario centro da diáspora galega, entre eles 3.000 traballadores. A débeda da institución alcanza os US\$ 65 millóns, toda vez o goberno uruguaio traballa en distribuír aos 50.000 mutualistas

da Casa de Galicia entre outros servizos de saúde.

Neste sentido, Miranda denunciou "a falta de transparencia" coa que se está levando o proceso de fragmentación da institución, críticas que tamén alcanzaron ao presidente da Xunta de Galicia, Alberte Núñez Feijóo por non atender os problemas deste patrimonio galego.

A Casa de Galicia de Uruguai foi levantada en 1917 cos aforros e o esforzo dos emigrantes galegos, converténdose posteriormente nun lugar emblemático, xa que foi a sede do Consello de Galicia, é dicir, o goberno galego no exilio.

Redacción A CORUÑA

Asociación do Camiño Inglés promove actividades en Compostela e Sigüeiro

A sede de Afundación acollerá ata o vindeiro 29 de abril a mostra "O debuxo é o Camiño. O Camiño Inglés", unha exposición que nace do Camiño percorrido pola ilustradora catalá Maru Godás e a irlandesa Róisín Curé, que no verán pasado contaron a súa experiencia no Camiño Inglés a través das súas ilustracións e redes sociais.

A directora de Turismo de Galicia, Nava Castro, acompañada da Comisaria do Xacobeo, Cecilia Pereira; a comisaria da mostra Gemma Sesar; a coordinadora da área de Cultura de Afundación, María Teresa Cores Fernández; e o presidente da Asociación de Concellos do Camiño Inglés, Manuel Mirás, participaron na inauguración da exposición.

Por outra banda, a Asociación de Concellos do Camiño Inglés organizou o itinerario que percorreron unha trintena de nenos



e nenas do CEIP Plurilingüe de Sigüeiro, de catro anos de idade, na que foi a súa primeira saída escolar despois da pandemia.

No itinerario falouse da peregrinación na Idade Media e a vestimenta que se utilizaba,

exemplificada cun traxe que a Asociación trouxera para a ocasión. O alumnado seguiu as cunchas amarelas ata chegar á fonte do proxecto Life Water Way, de recente inauguración no paseo dos Peregrinos Ilustres.

Rede de fontes de auga potable no Camiño Inglés



O deputado de Economía, Facenda e Persoal da Deputación da Coruña, Antonio Leira, participou nun acto organizado na fonte de San Caetano (Santiago de Compostela) para inaugurar a rede de fontes de auga potable no Camiño Inglés.

Esta iniciativa supuxo a creación dunha rede 28 fontes de auga potable no Camiño Inglés, a primeira das súas características dentro dun itinerario cultural en Europa. O proxecto se executou no marco do programa europeo 'Life Water

Way', promovido e coordinado polo Concello de Abegondo, cofinanciado pola Deputación da Coruña, e que contou coa colaboración de Augas de Galicia e a Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

A fonte de San Caetano marca o punto final a esta ruta, que conta con outros puntos nos seguintes municipios da provincia: Ferrol, Narón, Neda, Fene, Cabanas, Pontedeume, Miño, Paderne, Betanzos, Abegondo, A Coruña, Culleredo, Cambre, Carral, Mesía, Ordes e Oroso.



MIRANDA
LIBRERÍA

en BUEU, onde ía ser?

www.libreriainmiranda.gal



LOTERÍA
RIBEIRA SACRA

982 41 02 69 loteribeirasacra@gmail.com

Rúa Cardenal Rodrigo de Castro, 43
27400 Monforte de Lemos. Lugo

Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·

· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·

Ampliación de capital 2016




PÉREZ - LEMA

Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña



GADIS

#EnConfianza

Socialistas esixen á Xunta asumir financiamento de conservatorios

Durante debate parlamentario, a voceira de Educación do Grupo Socialista, Noelia Otero, instou á Xunta a que asuma o financiamento dos conservatorios profesionais, tal e como xa lle solicitou a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).

Denunciou o “desleixo” e “abandono” da Consellería de Educación con respecto aos conservatorios profesionais de música que está orixinado un “desequilibrio territorial”. Un total de 7 conservatorios das principais cidades galegas son xestionados

pola Xunta; mentres que os restantes 25 situados en concellos de menor tamaño son xestionados polas administracións locais.

Casos especiais de mención son os de Vigo, que cada ano acolle a 300 estudantes de diversas nacionalidades e sofre unha “degradación permanente” por parte da Xunta, e o conservatorio de Begonte, aludindo á polémica xerada pola Xunta no Concello de Begonte onde achegou un millón de euros “para adaptar un aula musical que xestionará unha asociación” despois de ter pechado “en convivencia



co alcalde popular” o colexio de Baamonde e “ignorar a indignación e o que teñen pasado as veciñas e veciños”.

Yolanda Díaz reuniuse co novo presidente chileno Gabriel Boric

A vicepresidenta segunda do Goberno e ministra de Traballo e Economía Social, Yolanda Díaz, mantivo un encontro co presidente de Chile, Gabriel Boric, no que faláron da experiencia de Goberno en España, os avances en materia social e laboral e sobre o novo Goberno que arrinca en Chile, para reforzar a colaboración e diálogo entre ambos os países.

A vicepresidenta incidiu en que a súa primeira visita institucional a Chile produciuse nun momento “histórico” polos gran-



des retos de transformación do país e abrirá portas a un traballo conxunto que se iniciará en tarefas de cooperación.

Campaña europea polo Día Mundial da Auga

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade áchase entre os impulsores da campaña europea “Water of the Future”, no marco do Día Mundial da Auga que se celebra este 23 de marzo, cun spot emitido en prime time na TVG e nas canles do grupo Atresmedia.

A iniciativa encádrase no proxecto europeo ‘People & Planet’ e no marco da Axenda 2030 das ODS, que envolve a medio cento de Concellos socios do Fondo Galego de Cooperación, destacando aquí os Consellos Climáticos Xuvénis creados en catro municipios.

900.000 euros para a limpeza de praias

O Boletín Oficial da Provincia publicou as bases da convocatoria do programa de limpeza de praias 2022, a través do cal a Deputación da Coruña repartirá 900.000 euros entre os municipios costeiros da provincia.

A subvención permitirá a creación de brigadas

de limpeza cunha duración máxima de tres meses, que deberán estar comprendidos entre o 1 de abril e o 31 de outubro de 2021. O importe máximo que poderá recibir cada concello solicitante a través deste programa ascende a 33.840 euros e o mínimo a 6.768 euros.

Formoso reuniuse co embaixador de Ucraína



O secretario xeral do PSdeG, Valentín González Formoso, mantivo unha reunión co embaixador de Ucraína en España, Serhii Pohoreltsev, para trasladarlle a “inmensa solidariedade do pobo galego” con Ucraína, demostrada pola “masiva acollida” de refuxiados polos concellos socialistas”. Reiterou a condena “sen equidistancias nin ambigüidades” á invasión por parte de Rusia vulnerando o dereito internacional.

Valentín González Formoso respaldou a petición do embaixador ucraino de enviar ambulancias galegas a Ucraína. Por iso anunciou que proporá a doazón destes vehículos, que permita darlles unha

segunda vida útil para “trasladar a mulleres, nenos e enfermos dende as cidades bombardeadas por Putin ás zonas de refuxiados a través de corredores humanitarios”. Anunciou tamén que reclamará unha liña de conversas co Sergas e as compañías de ambulancias para permitir empregar estes vehículos en desuso, así como pedir a colaboración da Axencia Española de Cooperación Internacional.

Formoso anunciou a proposta socialista para incorporar de forma urxente como beneficiarios do sistema galego de Política Social aos cidadáns ucrainos acollidos en Galicia. Recolleu tamén do embaixador as necesidades de material humanitario para enviar a Ucraína.

PSdeG-PSOE propón oficina de control orzamentario

O voceiro de Economía do Grupo Socialista, Gonzalo Caballero, lamentou o voto en contra do Partido Popular á proposta do PSdeG para crear unha oficina de control orzamentario dependente do Parlamento.

Caballero defendeu a necesidade desta oficina co obxectivo de enriquecer a estrutura institucional da autonomía galega e para mellorar a eficiencia, a transparencia e o control do gasto público. Para evidenciar esta necesidade, referiuse aos “problemas de execución orzamentaria en moitos eidos” e dos que advirte o propio Tribunal de Contas. Nesta liña lembrou que 4 de cada 10 euros que chegan das institucións europeas non foron executados



pola Xunta.

Así, cando hai indicadores de que o nivel de desigualdade está en risco e a clase media está perdendo peso, “teñen que rachar coa inercia do pasado, deixar atrás todo o que se fai mal e poñerse a facer as cousas mellor”.

Monedas romanas descubertas na Cova Eirós, en Triacastela

As escavacións impulsadas pola Xunta de Galicia en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela na Cova Eirós, no concello lucense de Triacastela, permiten ampliar os períodos de ocupación humana das cavidades. Así, as 50 moedas romanas atopadas na Cova das Cabras permiten documentar un nivel de ocupación, da segunda metade do século IV d.C., non rexistrado ata a data, nin en Cova Eirós, nin noutros xacementos da contorna.

Ma campaña de 2021, a intervención realizouse en dous espazos diferentes: a Cova Eirós, coa continuación da escavacións dos niveis do Paleolítico medio; e a apertura de novas catas na Cova das Cabras, unha cavidade veciña a Eirós. Os traballos foron executados por membros do grupo de Estudos para a Prehistoria do Noroeste, Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio da USC, do Institut Català de Paleocologia Humana i Evolució Social de Tarragona e da Universitat Rovira i Virgili, ao abeiro dun convenio coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

As escavacións en Cova Eirós

do nivel do Paleolítico medio (Nivel 4) axudan a afondar no coñecemento sobre os neandertais que habitaron as Serras Orientais hai máis de 45.000 anos. Estes grupos utilizaron esta cova como campamento durante tempadas relativamente longas; por iso, é o nivel onde se atopa unha maior cantidade e densidade de restos arqueolóxicos como é o caso de lascas, raspadeiras e os restos da súa manufactura, empregando o cuarzo e máis a cuarcita, e usados para procesar os animais cazados, as súas peles e na fabricación de ferramentas en madeira.

Estes grupos de neandertais cazaban cervos, rebezos e cabalos nos vales e bosques próximos que logo, unha vez despezados, levaban á cavidade. Algúns destes restos óseos conservan as marcas de corte feitas coas ferramentas líticas usadas para o seu descarnado. Os restos óseos amosan que Cova Eirós tamén foi ocupada alternativamente por carnívoros que usaban a cavidade como cubil ou oseira. Este tipo de ocupacións tiveron lugar nun momento de progresivo arrefriamento e onde os osos das cavernas, rinocerontes laídos, rebezos, corzos, cervos e


xabarís abundaban nos bosques e vales próximos.

En paralelo, realizáronse traballos de fotogrametría para facer levantamentos en 3D dos paneis que conteñen arte do interior de Cova Eirós e un estudo etnolóxico dos grafitis do interior da cavidade para comprender a consideración patrimonial dos veciños de Canelo sobre Cova Eirós.

Cova das Cabras

A intervención na veciña cavidade de Cova das Cabras achegou novos datos sobre o uso das cavernas de Canelo durante as épocas históricas. Na entrada escavouse unha pequena cata de 2m2, onde se recuperaron numerosos restos de ovicápridos e fragmentos cerámicos de época medieval. As evidencias arqueolóxicas indican un uso agropastoril desta pequena cova durante a Idade Media, complementario ao documentado en Cova Eirós. A cova foi empregada como lugar de resguardo de ovellas e cabras durante os séculos XII-XIII d.C. Este uso da cavidade, tal e como o seu nome indica, foi continuado polos veciños de Canelo ata hai poucas décadas.

Porén, o achado máis salien-



Moedas romanas achadas na Cova das Cabras.

table foi realizado no extremo máis interior da cavidade, a uns 20 metros da entrada. Na cata planeada no fondo da cavidade “recuperouse un tesouriño formado por unhas 50 moedas romanas que permite documentar un nivel de ocupación, da segunda metade do século IV d.C., ata a data, non rexistrado nin en Cova Eirós nin noutros xacementos da contorna”, sinalan dende o equipo investigador. O estudo numismático feito por Santiago Ferrer Sierra permitiu identificar varias delas como follis de bronce pertencentes a Constancio II (341-346 d. C.) e a Valentiniano ou Valente (367-375 d. C.). O seu achado no fondo da Cova das Cabras, un lugar de difícil acceso, indica a clara intencionalidade do seu agochamento.

A diferenza doutros contextos,

os numismas non apareceron en cerámicas ou ánforas, senón concentradas na superficie da cavidade. Iso indica que moi probablemente esas moedas estaban gardadas nunha bolsa anoadada, ben de tea ou de coiro, ao non atoparse, polo de agora, fíbulas para o seu peche. Este tipo de tesouriños non é alieo a outros contextos cantábricos en cova, e son relativamente frecuentes en castros (Valencia do Sil, Viladonga) e xacementos tardorromanos da Gallaecia, salientando o ambiente de inestabilidade política e social que define o imperio romano durante o século IV. Actualmente atópanse en fase de restauración na Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia para posibilitar o posterior estudo da colección completa.

Ribas de Sil terá un Museo da Minaría Aurífera Romana

A Xunta de Galicia dará comezo próximamente ás obras de urbanización e humanización da parcela do “xeocamping” de San Clodio, en Ribas de Sil, nas que investirá, xunto co concello, 70.100 euros para “continuar coa súa aposta por este espazo que está chamado a ser un elemento dinamizador do desenvolvemento turístico, social e cultural do municipio”.

Así o explicou o delegado territorial de Lugo, Javier Arias, durante unha visita realizada a este recinto xunto co alcalde, Miguel Ángel Sotuela Vega. A nova actuación está cofinanciada nun 70% pola Consellería de Medio

Ambiente, Territorio e Vivenda a través do plan Hurbe, mediante un convenio polo que o concello asumiu a elaboración do proxecto e o departamento autonómico a contratación da execución e dirección das obras.

O “xeocamping” reúne o camping turístico e o futuro Museo da Minaría Aurífera Romana. Na construción do edificio do museo traballou un obradoiro de emprego da Xunta, e o proxecto de musealización conta co apoio da Consellería do Medio Rural a través do Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Ribeira Sacra-Courel.

Os actuais traballos consistirán na mellora dos accesos ás activi-

dades didácticas do exterior do museo; a modificación da entrada aos vestiarios e a mellora de vías en xeral, formando sendeiros peonís en lousa de cuarcita para o acceso aos bungalows.

Tamén haberá actuacións en xardinaría e de instalación de rego automático e a canalización da rede de iluminación e alumado, así como a formación dunha área de servizo para autocaravanas e aparcadoiro interior. Igualmente, instalárase mobiliario urbano, como bancos, papeleiras, fontes e sinais verticais. O prazo de execución das obras será de tres meses.

Arias indicou que o Plan Hurbe pretende mellorar “as dotacións,



O alcalde no centro da foto.

equipamentos públicos e as contornas urbanas en xeral, acometendo actuacións orientadas a frear o despoboamento, potenciando as infraestruturas e servizos e, en definitiva, mellorando o benestar e a calidade de vida dos veciños e veciñas”.

Por esta razón, apuntou, a Consellería mantén esta liña de cooperación cos concellos galegos tamén en 2022, reservando 7 millóns de euros para actuacións dirixidas a habilitar ou recuperar equipamentos municipais e poñer en valor as contornas urbanas.

Redacción OURENSE

“Historias no Fumeiro” presentouse na Casa do Patrón

Por Manuel Blanco Vilar

No Museo Casa do Patrón de Lalín, presentouse o libro “Historias no Fumeiro” de Avelino Jácome. O autor amósanos neste libro a visión ampla e global que ten do mundo un neno de aldea, pobre, e por enriba orfo de nai, dende a tristura e a saudade orixinada pola lacra da emigración, que tanta dor ten causado na nosa terra; pero tamén se erixe nun canto á esperanza, ao afán de superación e ao espírito de loita

necesarios para “tirar do carro” e saír cara adiante de semellante situación.

Porque os nenos criados na aldea están dotados dunha prodixiosa imaxinación, dun sexto sentido e dun espírito indomable, xa que gozamos da oportunidade única de coñecer dende cativos a natureza en todo o seu esplendor a través da inusitada beleza das árbores, dos campos alfombrados de flores, dos ríos, do voo libre dos paxaros, da calor do sol, da choiva, da neve, da praia e tamén



da imponente forza do mar, do vento, da neve, da sarabia e os demais fenómenos acontecidos nos longos invernos das carballeiras galegas.

Avelino utiliza unha intencionada mestura de historias reais da súa infancia, con lendas, contos e imaxinacións produto da súa inmensa creatividade, mantendo un constante e sutil equilibrio entre a vida e a morte, o material e o espiritual, o corpo e o espírito,

o mundo real e o metafísico, o plano terreal e o celestial, recordándonos o noso fugaz trazo por esta vida con destino ao alén, cara onde inevitablemente todos camiñamos.

A beleza literaria do libro complétase, nunha perfecta simbiose, cunha gran cantidade de láminas do xenial mestre ourensán da pintura Miguel Ángel Martínez Coello, enchendo de vida e colorido cada unha das historias,

achegándonos máis, se cabe, a súa auténtica realidade e facéndonos partícipes da mesma.

Encargáronse da presentación Javier Enériz, crítico literario; Miguel A. Martínez Coello, pintor autor das láminas do libro; Rafael Quintía, antropólogo e autor do prólogo e M^a del Carmen Canda Larroy, concelleira de Sanidade de Lalín, ante a presenza de máis dun cento de veciños e amigos de Avelino e da Casa do Patrón.

Revista Cultural

Nós, a Xente do Redor Nº6

Xa a Venda en: Orixe Publicidade, 988 60 70 75 - 672 435 891
 Mercería Fina Cruz, C/Dtor. Maraño 1, 988 049 333 - 625 484 781

5€

ORO Y PLATA

+25 años a su servicio

Sto. Domingo 37, Entresuelo, Ourense
en frente confitería

988 232 903

www.orixepublicidade.es 988 60 70 75

oriXe
PUBLICIDAD Y COMUNICACIÓN
988 60 70 75

Francisco de Moure 20, Ourense

Orixe Publicidade

jba
servicios
inmobiliarios

Info@jbainmobiliaria.com
988 10 20 75
www.jbainmobiliaria.com

Sudaderas
Personalizadas
a todo
color
al mejor
precio

Monforte colabora con Ucraína

José Tomé, alcalde de Monforte, anuncia o envío urgente de axuda económica e de materiais de primeira necesidade ó pobo de Ucraína, por importe de 28.000€. A institución municipal levará a cabo unha axuda económica directa e inmediata de 10.000 € e unha adquisición de material de primeira necesidade por importe de 18.000€, que se canalizarán a través da Cruz Vermella Internacional, tras a decisión adoptada por unanimidade en xunta de goberno. “Queremos que a nosa contribución sirva para axudar na protección e no benestar das persoas que se vén obrigadas a fuxir deste terrible conflito para salvar a vida, sobre todo mulleres, nenos e persoas maiores,” subliñou o mandatario monfortino.

O alcalde tamén indica que “non dispoñendo o Concello de vivendas da súa propiedade para o acollemento a familias de refuxiados ucráinos, comunicar á cidadanía en xeral, que aquelas persoas que dispoñan de ditas vivendas e queiran colaborar co Concello, se dirixan ao correo electrónico alcaldia@concello-demonforte.com, concretando o máis detallado posible as características e servizos dos inmobles ofertados para que, a través do Concello, se remitan á Subdele-



Concentración silenciosa na Praza do Concello.

gación do Goberno e desta forma realizar dita oferta de forma coordinada”.

Do mesmo xeito, o Concello, en caso de ser necesario para o aloxamento de cidadáns ucráinos refuxiados en España, facilitaralles solucións habitacionais, ben por medio de aluguer ou ben por aloxamento en instalacións hoteleiras, todo elo en función da evolución da situación existente.

O alcalde agradece as numerosas mostras de apoio e os ofrecementos de moitos monfortinos e monfortinas en colaborar e axudar ós refuxiados ucráinos, pero tamén incide en que “precísamos que a axuda sexa canalizada de xeito organizado e coordinado, escoitando as recomendacións das administracións públicas competentes e das ONG expertas, para non entorpecer a materialización de

dita axuda”.

O Concello de Monforte sumouse ós actos en solidariedade co pobo ucráino, convocados en toda España pola Federación Española de Municipios e Provincias, a través dunha concentración silenciosa de 5 minutos na praza do Concello. Neste acto o alcalde, José Tomé Roca, estivo acompañado por diversos membros da Corporación Municipal, así como gran parte dos traballadores do Concello. Tamén se achegaron ata a praza do Concello multitude de veciños e veciñas da cidade para amosar a súa repulsa pola guerra que está tendo lugar en Ucraína. “Con este acto, dende o Concello queremos trasladar o noso apoio e afecto a todas as persoas que están sufrindo nestes momentos as consecuencias do conflito bélico desencadeado pola Federación Rusa contra Ucraína”, salientou o alcalde.

Sober ofrece vivendas e albergue a refuxiados ucráinos

O Concello de Sober pon a disposición dos refuxiados de Ucraína o albergue municipal con 14 prazas e está instalando mobiliario de coíña en catro vivendas municipais que tamén cederá a aquelas persoas que as poidan precisar. A maiores, o goberno local está a recoller datos para crear un censo de inmobles, tanto ocupados como desocupados, para poder axudar e amosar a solidariedade co pobo ucráino.

O Concello decidiu en canto se coñeceu a dramática situación de Ucraína activar unha rede de cooperación e acollida para que, chegado o momento, poida entrar en funcionamento. O paso previo a dita actuación é recadar información para coñecer a dispoñibilidade de espazos onde se poidan acoller cando cheguen ao noso país.

Aquelas persoas que desexen

participar no acollemento deberán poñerse en contacto cos Servizos Sociais do Concello de Sober nas oficinas municipais ou por vía telefónica a través do seguinte número de teléfono: 982460513.

O acollemento pode darse por dúas vías: Vivendas desocupadas que desexen poñer a disposición das persoas refuxiadas. Vivendas habitadas que desexen compartir coas persoas refuxiadas. Unha vez se teñan os datos faranse chegar ás autoridades correspondentes para poder canalizar a axuda.

Desde a FEGAMP facilitan ademais un número de información gratuito sobre a acollida a cidadáns ucráinos +34 91 047 4444. Os Servizos Sociais do Concello de Sober están tamén a disposición dos veciños e veciñas para resolver as dúbidas que poidan xurdirles en relación coa axuda que se pode prestar.

Xornadas multideportivas infantís para Semana Santa en Sober

O Concello de Sober organiza xornadas multideportivas infantís gratuítas para a Semana Santa. Trátase dun programa lúdico e de actividades deportivas que se levará a cabo os días 11, 12 e 13 de abril en horario de mañá, de 10:30 a 13:30 horas. Desenvolveranse actividades relacionadas co voleibol, xogos tradicionais, xogos de cooperación, xincanas, xogos de pistas, actividades musicais e de baile, entre outras.

As instalacións nas que se le-

vará a cabo serán o pavillón do CEIP Plurilingüe Virxe do Carme de Sober. Ofértase un total de 15 prazas. A idade para participar será a comprendida entre 7 e 12 anos. Terán preferencia os/as nenos/as empadroados/as en Sober. Se existe máis demanda que prazas ofertadas nunha semana, cubriranse as prazas por rigorosa orde de entrada das solicitudes no rexistro do Concello. Así mesmo, crearase unha lista de agarda para cubrir as prazas que poidan quedar vacantes.

San Fiz de Asma e Pesqueiras arranxan camiños afectados polo pedrazo

A Consellería do Medio Rural está a investir preto de 100.000 euros no arranxo de diversos camiños municipais do concello lugués de Chantada, afectados pola treboada de pedrazo que no pasado ano 2021 tamén prexudicou a varios viticultores da zona. Executadas no marco do Plan de Infraestruturas Rurais da Consellería, as obras localízanse nas parroquias de San Fiz de Asma e Santa María de Pesqueiras. Trátase de mellorar a capa de rodaxe de parte dalgúns ca-

miños municipais, entre outras tarefas para asegurar a circulación por estas vías con todas as garantías.

Durante os traballos abordarase a limpeza e perfilado de cunetas para aumentar a súa funcionalidade como guía das augas, co fin de poder conservar mellor as vías. Unha vez realizadas estas obras, acometerase unha mellora da explanación da pista para posteriormente incorporar o pavimento definitivo.

Nese senso, usarase unha base de balastro para mellorar a capa

de rodaxe e, nos tramos de maior pendente, tamén se aplicará formigón. A maiores, os traballos financiados pola Xunta inclúen a substitución dun cano de formigón danado.

Esta encarga da Consellería do Medio Rural responde ás necesidades detectadas tras a treboada de sarabia que afectou distintas parroquias do Concello de Chantada o ano pasado, causando estragos en cultivos de vide pero tamén en infraestruturas rurais como as que se están a arranxar.

O FIV Vilalba pecha o seu cartel musical

O Festival Independente de Vilalba (FIV) que se celebrará entre o 22 e o 24 de abril pechou o seu cartel musical coas actuacións da Banda de Música de Vilalba, The Zephyr Bones, Kokoshca, Juárez,

Fábrica de Espejos e coas sesións DJ a cargo de Isaac Peces, Saya e Russ. Estes novos nomes pechan a programación do Escenario Emerxente, situado na Praza da Constitución do Concello de Vilalba.

A Xunta colabora coa Asociación de Veciños Partovia do Carballiño

A Xunta realiza obras de pechamento, formigonado e humanización do soportal do local social da Asociación de Veciños Partovia no Carballiño, que recibiu o ano unha axuda de preto de 5.500 euros. A organización foi unha das 41 entidades beneficiarias da provincia de Ourense o ano pasado, que recibiron máis de 600.000 euros no marco da convocatoria de axudas do Plan específico de Acción Comunitaria. No conxunto da comunidade, o Goberno galego destinou 2,5 millóns de euros para apoiar as iniciativas e 173 asociacións.

Natalia Prieto, directora xeral de Administración Local, lembrou que a Xunta vén de renovar esta orde, na que o Goberno galego incrementa o orzamento nun 20%, ata acadar os 3 millóns de euros, na súa aposta polo asociacionismo veciñal e a xestión



Visita ao local social da asociación veciñal.

conxunta de bens e servizos por parte da poboación galega.

Os investimentos van destinados ao acondicionamento, reforma e ampliación dos locais sociais e a compra de equipamentos básicos para o seu funcionamento, como mobiliario, equipos informáticos e audiovi-

suais ou material non básico específico para levar a cabo determinadas actividades. Ademais, son subvencionables proxectos de mellora, reforma e reparación das instalacións das traídas de auga promovidas por comunidades de usuarios de augas para garantir o abastecemento.

As Pemes de Valdeorras terán apoio para o seu crecemento

A iniciativa “Camiño de futuro”, posta en marcha pola Administración autonómica chegou a Valdeorras co obxectivo de difundir entre as pequenas e medianas empresas de contornas non urbanas os instrumentos de apoio dirixidos a mellorar a súa competitividade e crecemento.

Gabriel Alén, delegado da Xunta, destacou que as pemes son unha prioridade para a Xunta de Galicia -como motor da economía galega- e que, por iso, se persegue que aquelas que aínda non iniciaron o camiño da innovación o fagan, xa que é un factor clave para a competitividade das compañías.

No encontro celebrado no Barco de Valdeorras técnicos de Gain e do Igape, dependentes da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, así como dos gru-



Camiño de futuro dá continuidade á iniciativa Camiño da innovación.

pos de desenvolvemento rural (GDR) Valdeorras, explicaron as diferentes convocatorias de axuda activadas pola Xunta.

Ademais, celebrouse unha mesa redonda de casos de éxito empresarial con pemes innovadoras da contorna procedentes de distintos sectores, que falan da súa experiencia como beneficiarios de distintos instrumentos de apoio da Admi-

nistración para que a empresa mellore a súa competitividade a todos os niveis. A cita con compañías innovadoras reuniu ás empresas Meraki Cakes & Food. S.L. dedicada a repostería creativa e tradicional, decoración de eventos, almozos a domicilio, venda de pan e regalos; e Regalsa Facility Services, especializada en limpeza industrial e servizos xerais.

O pavillón municipal de Castro Caldelas xa ten nova cuberta



Alcaldesa, membros da corporación e representante da Deputación, co delegado.

O delegado territorial da Xunta en Ourense, Gabriel Alén, visitou o pavillón de deportes de Castro Caldelas vinculado ao colexio público Virxe dos Remedios para supervisar o remate das obras da súa cuberta tralos danos que sufrira polo paso de fronteiras climáticas adversas no pasado inverno.

Gabriel Alén, que percorreu as instalacións coa alcaldesa, Sara Ines Vega, membros da corporación municipal e do deputado provincial de Cooperación e Seguimento do Plan de Mandato 72/73, Pablo Pérez, en representación da Deputación, sinalou que estas obras supuxeron unha achega de 47.000 euros por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e 15.000

euros con cargo á Administración provincial tralo convenio asinado co Concello de Castro Caldelas.

Obras importantes, segundo o delegado, para velar pola seguridade e total desfrute dos nenos e nenas que fan uso das instalacións deportivas; pois esta construción, de propiedade municipal, serve de apoio didáctico ás actividades deportivas e de lecer do centro educativo. Alén supervisou tamén as obras da reparación da cuberta do patio exterior do colexio e a nova soleira do outro patio do centro, nas que a Consellería investiu en 2021 máis de 47.800 euros e 48.122 euros respectivamente; e lembrou que en 2020 a Xunta achegou máis de 20.000 euros no soterramento de cables e melloras eléctricas do colexio Virxe dos Remedios.

Humor

ANTOMS



Redacción OURENSE

O Concello propón que o edificio da antiga cadea sexa sede da UNED

O Concello de Ourense propónlle á Universidade Española de Educación a Distancia (UNED) que a antiga cárcere da rúa do Progreso sexa a súa nova sede na cidade. Gonzalo Pérez Jácome, alcalde de Ourense, retoma esta idea coa vontade de darlle novo uso público a este inmovible, de titularidade municipal, mediante unha rehabilitación que contribúa a dinamizar a contorna na que se atopa, logo de que a Deputación de Ourense desbotase a posibilidade de realizar unha permuta co Concello para emprazar oficinas administrativas neste inmovible.

O alcalde convocará unha xun-

tanza do Consorcio da UNED para trasladarlles esta proposta de forma que o edificio sexa a nova sede na cidade da entidade formativa. Porén, mantén a aposta pola rehabilitación do edificio e, no caso de que non fose sede da UNED, acometerá a súa reforma para acoller dependencias municipais. De feito, explica, xa está encargada a redacción do anteproxecto para a rehabilitación do edificio, e só queda pendente definir o seu uso futuro: sede da UNED ou dependencias do Concello de Ourense.

Explica o alcalde que desde o Concello lle propuxera ao presidente da Deputación a posibilidade

de realizar unha permuta ou compensación para que o edificio fose a sede da institución provincial, dada a súa vontade de converter a actual nun hotel balneario.

Logo de que esta proposta fose rexeitada pola Deputación, a Alcaldía explora outras posibilidades para darlle uso público ao edificio histórico. “Contratamos o anteproxecto de rehabilitación do edificio e simplemente temos que definir cal va ser o seu uso”, explica Pérez Jácome. Neste senso, detalla o rexedor, “a primeira opción sería a sede á que trasladar a UNED, que agora mesmo está un pouco deslocalizada na zona



Antiga cárcere na rúa Progreso.

do Pino. Poñeríamola no centro de Ourense, de forma que revitalizaría esa zona da rúa do Progreso. Sería unha opción perfecta, xa que lle daría moito lustre á zona coa reconversión deste edificio”. Con este propósito, o alcalde convocará unha xuntanza co Consorcio da UNED “para tomar un acordo de forma consensuada”. A

rehabilitación do edificio levarase a cabo con esta ou con outra finalidade. O Concello valorou a posibilidade de que o inmovible puidese ter un uso como hotel balneario, mais esta opción foi descartada polas súas reducidas dimensións, pero si podería ser axeitado para acoller dependencias do Concello de Ourense.

A Peroxa podería adherirse á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística

A Xunta de Galicia está a asesorar ao Concello da Peroxa sobre o procedemento de adhesión á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU), organismo autonómico que desde 2009 se encarga de velar polo cumprimento da normativa nesta materia, asumindo parte das competencias das entidades locais adscritas e ofrecéndolles a súa asistencia técnica e xurídica.

Con este obxectivo, o director da APLU, Jacobo Hortas, e o alcalde, Manuel Seoane, mantiveron unha reunión de traballo para falar, entre outros asuntos, dunha posible integración do concello ourensán na Axencia, á que xa se incorporaron ata o momento un total de 91 municipios galegos.

Neste sentido e tras facerlle entrega ao rexedor dun borrador de convenio de adhesión, o director do organismo explicoulle algunhas das particularidades e vantaxes que conleva integrarse na APLU. Ademais da delegación de competencias municipais en materia de disciplina urbanística en solo de núcleo rural, referiuse tamén a que os concellos poden derivarlles consultas de diversa índole e mes-



Jacobo Hortas e Manuel Seoane.

mo solicitar formación específica na materia para manter ao día aos seus técnicos municipais.

Así mesmo, analizaron as principais características territoriais da Peroxa, un concello que, tal e como subliñou o alcalde, destaca por ter unha gran diversidade de núcleos de poboación, o que supón tamén un desafío desde o punto de vista urbanístico.

Jacobo Hortas agradeceu ao alcalde o seu interese, incidindo na importancia de que os concellos galegos amosen un compromiso cada vez maior a prol dun correcto aproveitamento urbanístico do territorio e da protección da paisaxe. De feito, salientou que a APLU comparte ese mesmo obxectivo, polo que contar coa súa axuda e asesoramento pode re-

sultar de gran interese para as entidades locais. Lembrou que o principal fin co que naceu este organismo de natureza consorcial (a primeira axencia urbanística de ámbito autonómico que se puxo en marcha en España) é velar pola legalidade e garantir o control sobre as posibles infraccións que se produzan na materia, exercendo funcións de control e inspección pero tamén de asesoramento e interpretación da normativa vixente.

O director da APLU explicou que os seus técnicos e inspectores manteñen un contacto permanente cos concellos en relación a aqueles asuntos que afectan ao eido do urbanismo e á ordenación del territorio, para velar polo cumprimento da legalidade urbanística.

Día de Galicia na 54ª Feira Agro de Braga



A 54ª edición de Agro, Feira Internacional de Agricultura, Gando e Alimentación de Braga, celebrou o Día de Galicia, coa presenza de Expourense que mantivo aberto un stand no que se presentaron as próximas feiras: Termatalia, 20ª Feira Internacional de Turismo Termal, Saúde e Benestar (29 e 30 de setembro de 2022) e Xantar, 23º Salón Internacional de Turismo Gastronómico (9 a 13 de novembro de 2022).

Con esta participación en Agro, Expourense reforza as súas relacións de cooperación

transfronteiriza especialmente enfocada ao ámbito agroalimentario e ó turismo de proximidade co obxectivo de fomentar a competitividade das empresas galegas e, dun xeito especial, dos pequenos produtores ou cooperativistas.

Agro é unha cita que desenvolve un relevante papel de promoción e divulgación dos produtos e que serve de punto de encontro das empresas agroalimentarias de todo Portugal (e tamén algunhas galegas) recibindo máis de 80.000 visitas en catro días.

Redacción OURENSE

Expourense presenta en Lisboa as feiras Termatalia e Xantar

Expourense estivo na BTL de Lisboa, o principal evento profesional de turismo de Portugal, para presentar as súas dúas feiras internacionais de Turismo (Termatalia e Xantar) ante representantes institucionais e empresarios do sector do país veciño, que ten sempre un papel protagonistas nestas citas, tanto pola cantidade de expositores como de visitantes que cada ano acoden a elas. A presentación tivo lugar na caseta que a Entidade de Turismo Porto e Norte ten na BTL e correu a cargo do

presidente da entidade, Luís Pedro Martins, e do director xerente de Expourense, Rogelio Martínez.

A esta presentación acudiron representantes institucionais, representantes das cámaras municipais de Vizela, Vila Real, Alijó e Vila Pouca de Aguiar e empresarios do sector do turismo relacionados tanto co termalismo (como a Asociación Termas de Portugal) como coa enogastronomía. Non en balde Portugal, é un país que aposta polo termalismo e pola súa internacionali-

zación, confiando no efecto chamada do "Turismo de saúde" e no seu papel como dinamizador do turismo interno e externo.

A presentación contribúe a visibilizar a estreita cooperación que mantén con Turismo Porto e Norte contribuíndo a promocionar internacionalmente o destino común de Galicia e Norte de Portugal. As dúas feiras presentadas esta tarde na BTL son: Termatalia, Feira Internacional de Turismo Termal, Saúde e Benestar, que se celebra os días 29 e 30 de setembro e Xantar, Salón Interna-



Presentación en Porto e Norte de Lisboa.

cional de Turismo Gastronómico, que se celebra entre o 9 e o 13 de novembro.

Son dous proxectos únicos na Península Ibérica que contribúen

a promocionar recursos endóxeos como o termalismo ou a enogastronomía que emanan e danse en abundancia tanto en Galicia como en Portugal.

Día Mundial da Poesía na Insua dos Poetas

Román Rodríguez, conselleiro de Cultura, participou na Insua dos Poetas na celebración do Día Mundial da Poesía, onde destacou a Florencio Delgado Gurriarán como un poeta senlleiro na longa tradición literaria galega, que ten importancia polo seu "amplo cultivo da poesía ao longo de séculos". Gurriarán é o homenaxeado este ano no Día das Letras Galegas.

Salientou a visión de Delgado Gurriarán, "un home que entendeu a importancia da poesía como un instrumento de democratización das voces populares e, ao mesmo tempo, como unha salvagarda da memoria común de todo o pobo galego". "Todo isto posibilita a poesía: a preservación do patrimonio cultural dun pobo, pero tamén o seu patrimonio emocional", engadiu.

Román Rodríguez fixo fincapé no dinamismo da poesía galega, un xénero vivo coa publicación de preto dun cento de novidades editoriais cada ano na nosa lingua". Destacou que nestes "momentos convulsos, é máis necesario que nunca apoiar todas as manifestacións artísticas e poñer en valor o seu componente emocional". Un apoio que, como indicou, está a realizar a Xunta de Galicia desde diferentes iniciativas como certames, premios e festivais líricos por toda a Comunidade.

Luís González Tosar, destacou a retirada simbólica da máscara nas actividades escolares



Asistentes ao acto celebrado en Madarnás. O Carballiño.

ao aire libre parafraseou a Luis Pimentel: "A poesía non hai que definila, é o gran milagre do mundo". O presidente da Fundación Insua dos Poetas e do Pen Galicia celebrou a presenza dos escolares: "A Insua dos Poetas é patrimonio voso". E, ante "a barbarie da guerra", lembrou aos rapaces a importancia da cultura: "Vos tedes a palabra, o artefacto máis potente do mundo".

No transcurso do acto realizouse unha conexión cos muralistas Mon Devane, Diego As e Lidia Cao e oito escolares recitaron poemas de Florencio Delgado Gurriarán. Ademais, incluíu o espectáculo de poesía, música e danza Cantares Transhumantes, de Mirian Sandoval, e unha homenaxe ás letras arxentinas coa plantación dun ombú, árbore simbólica da Pampa.

Previsel fomentou a cultura preventiva na sociedade



Previsel celebrouse durante dúas xornadas en Expourense.

Salón da Prevención e Seguridade Laboral celebrou a 15 edición en Expourense consolidado como a única feira especializada en Prevención de Galicia, conseguindo fomentar a cultura preventiva entre toda a sociedade e recibindo 2.500 visitas.

Previsel recoñeceu o traballo e a colaboración das distintas entidades que integran o comité asesor do salón e que organizan o programa de actividades e entre os que se atopan representantes da administración, asociacións empresariais, sindicatos, colexios profesionais, mutuas e servizos de intervención e emerxencias. Ao acto de clausura asistiu o director xerente de Expourense, Rogelio Martínez, e o director xeral de Emerxencias da Xunta de Galicia, Santiago Villanueva, que puxo en valor os esforzos que dende os distintos ámbitos da sociedade se realizan en prol da prevención e seguridade laboral, así como insistiu en que a previsión é o mellor medio para garantir a seguri-

dade dos cidadáns e responder de modo adecuado en caso de riscos colectivos.

Dentro das actividades organizadas por TEGALICIA estiveron as prácticas con RCP en bonecos conectados a unha pantalla de telemetría. Tamén organizaron unha mesa no que se abordaron os ricos laborais no traballo e na que participaron o Colexio de Psicólogos de Ourense e o Distrito XII da Consellería do Medio Rural. Realizáronse prácticas de excarcelación de vehículos con intervención dos bombeiros do Polígono San Cibrao e de Ourense, Protección Civil de Ourense e TEGALICIA.

Destacaron o posto de asesoramento do Gabinete de Prevención de Riscos Laborais da Confederación Empresarial de Ourense; as cadeas de supervivencia da Cruz Vermella; as medicións antropométricas realizadas pola Consellería de Sanidade e a formación sobre dixitación e innovación en riscos laborais ofrecida pola empresa Previsonor.

A Deputación referenda o seu compromiso coa Associação Impulsora da Casa da Lusofonía

Manuel Baltar, presidente do organismo provincial, recibiu á nova secretaria da Associação Impulsora da Casa da Lusofonía, Nachi López Queipo, con fin de analizar as xestións que se están a realizar para que Ourense sexa a sede da Casa da Lusofonía, centro dependente da rede de casas do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación. Unha iniciativa que dentro de dous meses chegará á comisión de Exteriores do Congreso dos Deputados, onde se espera que reúna o máis amplo consenso entre todas as forzas políticas representadas nesta Cámara.

O encontro permitiu “poñer de relevo o compromiso da Deputación para que Ourense acolla un centro que nos dará maior visibilidade e un plus para a cidade e

a provincia, como o territorio galego mellor conectado coa capital do Estado, que no seu momento foi capital da Gallaecia e hoxe está na centralidade da eurrerxión Galicia-Norte de Portugal”, dixo Baltar.

O presidente destacou as oportunidades que se crearán coa sede da Casa da Lusofonía en Ourense, “a provincia do estado co maior número de quilómetros de fronteira con Portugal (219), apuntando que como “berce do pensamento político e galeguista, Ourense está unida a Portugal pola lingua, unha comunidade lusófona que en 2050 terá unha poboación de 300 millóns de persoas”. Unha cuestión que non só ten importancia polos lazos culturais e lingüísticos “senón tamén polo ámbito económico e de negocio”.

Manuel Baltar e Nachi López

estudaron a folia de ruta a seguir para a presentación no Congreso, no prazo aproximado de dous meses, da proposta para que Ourense sexa a sede da Casa da Lusofonía, unha iniciativa que quedou reflectida no papel trala sinatura dun convenio, o 10 de marzo do pasado ano, entre a Deputación e a Associação Impulsora deste centro.

A Casa da Lusofonía enmárcase na rede de casas que posúe o Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, como organismos oficiais, con orzamentos do Estado e dirixidas por persoal funcionario de carreira. Como precedentes ten a Casa de América en Madrid, creada en 1991; a Casa Asia en Barcelona (2001); a de África en As Palmas e a Casa Árabe en Córdoba, estas dúas últimas en 2006.



Nachi López Queipo con Manuel Baltar.

Desde a Associação Impulsora da Casa da Lusofonía destácase o valor económico do portugués e do mundo lusófono, de modo especial nos negocios, ofrecendo servizos de formación e internacionalización ás empresas, nomeadamente no maior mercado mundial que é China, e dentro da

lusofonía, o territorio de Macao, que ten moitas semellanzas con Galicia. Unha perspectiva que se trasladará ao Estado no marco desta iniciativa “para que teña en conta o valor da lingua portuguesa, tan vencellada ao idioma galego, tanto na súa orixe como na súa evolución”.

A Xunta mellorará a estrada entre Celanova e a fronteira con Portugal

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, presentou o proxecto de mellora da estrada OU-540 entre Lobios e a fronteira con Portugal, que suporá un investimento da Xunta de 10,3 millóns de euros. O Diario Oficial de Galicia publicou o inicio da información pública desta actuación, que mellorará de forma substancial a seguridade e a funcionalidade da OU-540, favorecendo a mobilidade dos máis de 13.000 veciños dos 7 concellos situados na súa traza: Celanova, Vereia, Bande, Lobeira, Muíños, Entrimo e Lobios. Coa intervención, mellorarán tanto a vertebración interior da comarca da Baixa Limia, como as súas conexións con Celanova e a cidade Ourense, ademais da conexión con Portugal, a través da Madalena.

A conselleira presentou aos veciños, aos alcaldes e representantes dos concellos o detalle das actuacións proxectadas no



O acto celébrase en Lobios.

treito de 42 quilómetros que se para a saída da autovía en Celanova ás inmediacións da ponte do Lindoso, co fin de incrementar a seguridade, a capacidade e a funcionalidade desta estrada autonómica.

Informou que a información pública que se inicia do proxecto de trazado do acondicionamento da OU-540 ten efectos expropiatorios, sendo un total de 221 as fincas afectadas pola intervención, e inclúe o trámite ambiental, que

se realizará mediante avaliación ambiental simplificada. Desta forma iníciase o prazo para que os interesados que o desexen poidan trasladar as súas consideracións ata o vindeiro 27 de abril.

Segundo concretou a conselleira, o obxectivo da Xunta é aprobar o proxecto do trazado no verán, avanzando de forma paralela nos proxectos construtivos dos 4 treitos nos que se dividirá a actuación, co fin de licitar obras a comezos de 2023.

Allariz participa na Rede de Municipios pola Agroecoloxía

O Concello de Allariz aprobou por unanimidade a adhesión a Rede de Municipios pola Agroecoloxía. Allariz converteuse así na primeira localidade de Galicia que forma parte desta entidade, onde están Barcelona e Valladolid. O obxectivo desta rede é axudar ás administracións a construír sistemas alimentarios locais sostíbeis, resilientes e respectuosos co medio natural.

Allariz foi invitada a formar parte deste colectivo por ter posto en marcha iniciativas acorde con esta filosofía coma o Mercado da Reserva da Biosfera, o proxecto de gandería en extensivo local de Carne de boi de Allariz ou o programa Re de reutilización e reciclaxe. Ademais de moitas outras iniciativas privadas que se desenvolven en Allariz coa colaboración da administración local, coma o centro de Educación Medioambiental do Rexo co seu queixo de ovella, cooperativa Ecoleña de leite ecolóxico, Petelo, produción de fariña de castaña e transformados,



Mercado da reserva en Allariz.

Mimá horta ecolóxica con tracción animal, Xabóns de leite de burra (asociación Andrea)...

O compromiso do Concello de Allariz cos produtores locais, de proximidade que poden aportar aos mercados produto de calidade con canles ben curtas de distribución quedou palpable o pasado mércores ca participación do concelleiro de Medio Ambiente, Bernardo Varela no webinar, “Mercados agroecolóxicos explorando na coexistión”, onde compartiu experiencias cos municipios de Valladolid, Zaragoza, León e a rede de mercados da Deputación de Barcelona.

Comezan as rutas en catamarán polo Canón do Sil e Cabo do Mundo

José Tomé Roca, presidente da Deputación e alcalde de Monforte de Lemos, inaugurou no embarcador de Ponte do Sil a tempada de rutas fluviais en catamarán pola Ribeira Sacra da institución provincial, que arranca con máis de 5.100 reservas, das que preto de 250 foro só para a fin de semana do 26 e 27 de marzo.

José Tomé destacou que “logo do éxito que supuxo adiantar o comezo da tempada pasada de rutas fluviais e da boa repercusión que tivo para os sectores máis afectados pola pandemia, este ano tamén comezamos antes con

este servizo”. O habitual nos últimos anos era empezar as viaxes en catamarán a fin de semana antes da Semana Santa, pero como sinalou o presidente “estas rutas teñen un impacto especialmente importante para o turismo, a hostalería e o comercio e son un dinamizador da economía e do emprego para a comarca e a provincia”.

Engadiu que as rutas fluviais favorecen a proxección da Ribeira Sacra: “Son unha boa maneira de promocionar o noso territorio a través do turismo, porque cada vez máis, o visitante busca alternativas ao aire libre, en plena

natureza. Unha alternativa de ocio para descubrir ou redescubrir unha paisaxe única, ademais de recursos patrimoniais vinculados ao románico”.

Tomé Roca valorou de xeito moi positivo a evolución do número de viaxeiros, tendo en conta que no 2020 o estado de alarma e as restricións sanitarias derivadas da pandemia afectaron ao servizo. Destacou que no 2021 case se duplicaron as persoas que navegaron nos catamaráns da Deputación de Lugo, ata os preto de 40.000 viaxeiros e valorou a cifra como “moi importante, tendo en conta que o servizo non operou



Autoridades a bordo do barco *Mencia*.

ata o mes de outubro ao 100% da súa capacidade polas limitacións de aforo das embarcacións para a prevención da Covid-19”.

Na viaxe inaugural viaxaron preto de 100 persoas procedentes da Coruña, Ourense, Cantabria, Castela e León, Asturias, Madrid, Valencia e das Illas Canarias. Viaxaron

tamén a deputada de Turismo, Pilar García Porto; a tenente alcalde de Monforte, Gloria Prada, e o concelleiro monfortino de Obras, Medio Rural e Servizos, José Luís Losada; a concelleira de Turismo da Teixeira (Ourense), Marisol Borrajo; e o tenente alcalde de Sober, Francisco Vázquez.

Mellora do corredor ferroviario Ourense-Monforte-Lugo

Adif aprobou a adxudicación das obras de tratamento de plataformas e cruces entre plataformas en catro estacións do tramo Ourense-Monforte de Lemos, da liña convencional Monforte de Lemos-Vigo. O contrato foi adxudicado á empresa Civis Global por un importe de 4.367.479,77 euros (IVE incluído) e un prazo de execución de 13 meses.

Os traballos forman parte dos proxectos de modernización do tramo Ourense-Monforte de Lemos e permitirán mellorar a fiabilidade de circulacións e usuarios. O proxecto define as actuacións nece-

sarias en plataformas, pasos inferiores e outras estruturas das estacións e apeadeiros de Barra do Miño, Os Peares, San Estevo do Sil e Canabal. O ámbito de actuación limitase por tanto ás plataformas, cruces entre plataformas e aos accesos aos mesmos cando se realizan directamente desde a vía pública.

As accións contribúen á consecución de diferentes Obxectivos de Desenvolvemento Sostible: ODS 3 (Saúde e Benestar), ODS 9 (Industria, Innovación e Infraestrutura) e ODS 11 (Cidades e Comunidades Sostibles), que teñen entre as súas metas o desenvol-

vemento de infraestruturas fiables, sostibles, resilientes e de calidade.

As actuacións de mellora do tramo en servizo Ourense-Monforte de Lemos-Lugo teñen como obxectivo cumprir os compromisos de Adif coa optimización das condicións de explotación comercial do traxecto, en parámetros tales como a fiabilidade, o confort e os tempos de viaxe.

Os traballos previstos inclúen a modernización e adecuación das instalacións existentes, así como a electrificación a 25 kV en corrente alterna do corredor, adaptando a electrificación existente



Estación de Canabal (Sober) da liña Ourense-Monforte.

no tramo Ourense-Monforte de Lemos e dotando de catenaria e instalacións eléctricas ao tramo Monforte de Lemos-Lugo.

A primeira destas melloras, a variante da Pobra de San Xiao, entre Monforte de Lemos e Lugo, xa está en servizo desde abril de 2018. Entre os principais beneficios deste novo trazado, duns 7

quilómetros de lonxitude, destaca a supresión dos 14 pasos a nivel do anterior traxecto, co consecuente aumento da seguridade ferroviaria, viaria e peonil, así como o incremento da velocidade de paso dos trens ata o 160 km/h. Esta actuación vai ser financiada pola Unión Europea- NextGenerationEU.

FUCO PRADO

